



MINEIRA DE CORCOESTO, S.L.

EDGEWATER
EXPLORATION LTD

Proxecto Mineiro de Corcoesto: unha mina de futuro para todos

Diante da difusión de datos incorrectos sobre o proxecto de extracción de ouro de Cabana de Bergantiños, MINEIRA DE CORCOESTO quere informar á poboación, para a súa tranquilidade, sobre os seguintes aspectos:

USO DE CIANURO

- ♦ É rotundamente falso que Europa prohibise esta substancia na minaría. Unicamente Hungría e a República Checa prohibiron o uso do cianuro, aínda que o segundo destes países si fabrica esta substancia.
- ♦ Na actualidade hai explotacións mineiras en activo que utilizan cianuro en Groenlandia, Finlandia, Suecia, Turquía e España (Asturias).
- ♦ O comisionado europeo para o Medio Ambiente, Janez Potocnik, no nome da Comisión Europea, emitiu un comunicado o 23 de xuño de 2010 que di:

“Despois dunha análise en profundidade da cuestión, a Comisión Europea considera que unha prohibición xeral do cianuro na actividade mineira non se xustifica desde os puntos de vista do medio natural e a saúde. A lexislación existente sobre todo na xestión dos residuos da industria extractiva (Directiva 2006/21/CE) inclúe requisitos precisos e estritos para garantir un nivel adecuado de seguridade nas instalacións de residuos mineiros. Os valores límite de almacenamento de cianuro tal como se definen na Directiva son os máis estritos

posibles e na práctica implican un paso de destrución do cianuro utilizado antes do seu almacenamento”.

- ♦ A día de hoxe non hai alternativa ao uso do cianuro na minaría para extraer o ouro que non pode separarse por gravidade. De feito, o cianuro segue estando incluído no documento BREF da Comisión Europea sobre *Mellores técnicas dispoñibles na xestión dos residuos das actividades mineiras*.
- ♦ Na minaría só se usa entre o 6 e o 15% do cianuro producido a nivel mundial. Esta substancia, unha vez utilizada para separar o ouro é sometida a un proceso de destoxificación que garante a súa inocuidade.
- ♦ O cianuro, ademais de estar presente no fume do tabaco e dos incendios forestais, emprégase principalmente na industria farmacéutica, no tratamento superficial de metais e na fabricación de plásticos, produtos presentes en todos os fogares.

PRESENZA DE ARSÉNICO

- ♦ É falso que os elevados niveis de arsénico presentes no solo da área mineira de Corcoesto e nas

augas do Anllóns e do seu estuario sexan consecuencia directa da actividade mineira. Un estudo feito por investigadores da Universidade de Vigo e do CSIC relaciona a presenza deste elemento coa existencia das arsenopiritas na zona do xacemento de ouro, non coa súa explotación.

- ♦ Este estudo proba, ademais, que as concentracións de arsénico disolto no río nunca superan as normas de calidade ambiental nin os límites para consumo humano. Isto coincide coas análises que achegou Mineira de Corcoesto no Estudo de Impacto Ambiental.
- ♦ A presenza de elevados niveis de arsénico no solo é un fenómeno natural que se dá nas áreas mineralizadas con arsenopirita, como é o caso de Corcoesto. Isto acontece en moitos lugares de España que presentan esta anomalía xeolóxica aínda que non houbese minaría, como en Madrid, Xaén ou Castela e León.
- ♦ A explotación mineira de Corcoesto mesmo contribuirá a reducir e controlar a presenza de arsénico no solo e nas augas da zona, dado que esta substancia se retirará xunto co mineral.

A MINARÍA É NECESARIA. A SÚA SUSTENTABILIDADE É POSIBLE